

LUTHIER

1. DATOS BÁSICOS SOBRE O OFICIO

1. Nomenclatura do oficio

Luthier

2. Outras denominacións

Elaborador de instrumentos de corda

3. Outras ocupacións do sector

Construtor de instrumentos de vento, de percusión, organeiro,...

4. Área ou sector ao que pertence

Madeira. Instrumentos musicais.

5. Adscrición á clasificación CNAE

32.20 Fabricación de instrumentos musicais

6. Descrición sintética do oficio artesán

É o profesional que constrúe, axusta e repara instrumentos de corda, con habilidades e imaxinación creativa, para acadar instrumentos de perfección musical e estética.

7. Principais funcións que desenvolve

- ◆ Deseño do instrumento.
- ◆ Selección de materiais para a elaboración do instrumento.
- ◆ Construción dos elementos do instrumento.
- ◆ Ensamblaxe e acabado do instrumento.
- ◆ Posta a punto e afinación.
- ◆ Reparación e axuste de instrumentos.

2. DATOS SOBRE O PROCESO PRODUTIVO DA ACTIVIDADE

1. Fases do proceso

1. Fase I. Deseño da peza

- ◆ Nesta fase deséñase a peza, por parte do deseñador que conceptualiza o obxecto a realizar nun bosquejo ou debuxo a escala ou a tamaño natural. Realízase un deseño personalizado dos instrumentos adaptándoos ás necesidades do cliente. Estudio dos compoñentes tendo en consideración a estética e a tonalidade. Elabórase unha plantilla que se pinta sobre madeira.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: material de debuxo e deseño (papel, cartón, debuxo, tesoiras, lápices), plantillas de taboleiro de madeira, útiles de pintura.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: deseñador, debuxante.

2. Fase II. Selección de madeiras

- ◆ Selección do tipo de madeiras a empregar na fabricación das diferentes pezas, tendo en consideración un grado de humidade en torno ao 6%. Seleccionadas estas defínense e márcanse os contornos cun punzón.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: Punzón, martelo,
- ◆ Postos de traballo asociados: preparador de materia prima

3. Fase III. Configuración da peza

- ◆ Esta fase divídese en varias subfases: o corte do corpo, a elaboración do mastro e a ensamblaxe.
- ◆ O corte do corpo. En función do debuxo trazado na plantilla base córtase pola parte exterior do debuxo cunha serra de banda. É a parte máis grande da guitarra, a súa forma está relacionada con características sonoras diferentes. Na maioría dos casos ten dúas láminas de madeira distintas; por exemplo, empregándose caoba e arce, compensase o aterciopelado da caoba coa tapa do arce máis aguda. Canto máis densa sexa a madeira terá un mellor ton e máis homoxéneo. O corpo da guitarra pode ser macizo ou semioco. No corpo van embutidas as pastillas, elas son as responsables de recoller as vibración das cordas, a súa elección depende das preferencias de cada guitarrista, cada guitarra pode levar 2 ou 3 pastillas. Tamén temos a ponte (lugar de fixación das cordas, que as permite vibrar libremente), o golpeador é opcional (vai colocado enriba do corpo protéxelo de rabuñadas) e finalmente os controis de volume e ton (que permiten axustar o volume e o

ton da guitarra).

- ◆ A elaboración do mastro. O mastro regrósase e córtase a bisel, colocándolle a alma e pegando a continuación o diapasón. É unha das partes máis importantes da guitarra, xa que soporta a tensión das cordas. Está feito dunha ou varias pezas de madeira e ten, no seu interior a alma, unha barra de aceiro moi resistente, que serve para contrarrestar a tensión das cordas e que non venza. O mastro está tallado todo a man. Pode ser máis delgado ou máis gordo, adaptándoo ás mans dos clientes. A parte superior do mastro é a pala (parte da guitarra onde están as caravillas, estas son cada un dos puntos onde se agarran as cordas que poden ser viradas para tensalas ou destensalas, conseguindo o afinado), o diapasón (parte plana superior do mastro onde van montados os trastes) e os trastes (son as barriñas de metal que dividen o diapasón e que permiten tocar as distintas notas, van embutidas no diapasón).
- ◆ Ensamblaxe. Realízase un lixado exhaustivo das pezas unindo o mastro ao corpo do instrumento (guitarra, baixo...). Para isto utilízanse diferentes tipos de colas.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: serras, tupí, cepillo, martelos, prensa.
- ◆ Postos de traballo asociados: luthier, auxiliar de luthier.


4. Fase IV. Acabado

- ◆ O acabado realízase consiste en repasar o instrumento unha vez ensamblado, retirando os restos de cola, aplicando unha imprimación de madeira, dando un fondo e sucesivas mans de acabado, mediante capas moi lixeiras de vernices ou pinturas.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: esponxas, lixas, útiles de pintura, pistola de vernizar.
- ◆ Postos de traballo asociados: técnico de acabado.

5. Fase V. Posta a punto e control da calidade

- ◆ Instálanse os diferentes compoñentes da guitarra, axustando e comprobando cada unha destas partes. O control do proceso de construción de pezas ten lugar en primeira instancia na selección e uso dos materiais empregados e a realización da peza. Nun segundo lugar o control realízase sobre a peza acabada, que consiste en revisar os desperfectos que poida ter. O produto revisado xa está listo para ser comercializado.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: instrumentos de verificación e control.
- ◆ Postos de traballo asociados: técnico de calidade.

2. Síntese do proceso



3. Técnicas utilizadas

Non se recollen técnicas específicas.

4. Instrumentos de traballo

1. Útiles e ferramentas

- Berbequí
- Cepillo
- Cepillo de moldura
- Coitelo
- Compás
- Escuadra
- Garlopín
- Gramil
- Gubia
- Gubia
- Pedra de afiar
- Serra
- Útiles específicos

2. Equipos e máquinas

- Compresor eléctrico
- Fresadora de mesa
- Fresadora eléctrica

- Lixadora orbital
- Pulidora de mesa
- Regrosadora
- Serra de banda
- Serra de disco
- Trade de columna

5. Contorna de traballo

1. Lugar e espazo de traballo

O espazo habitual de traballo son os talleres artesáns.

2. Ambiente e condicións de traballo

O traballo soe darse en condicións atmosféricas de interior.

3. RECURSOS NATURAIS UTILIZADOS

1. Descrición dos recursos. Localización Xeográfica. Proceso de obtención.

- Madeira. Madeiras con determinada densidade e aspecto, tales coma arce europeo do norte, caoba, pausanto, nogueira, tileiro, ébano,... Non se traballan madeiras concretas da zona, senón que se obteñen mediante a compra a establecementos, sendo nacionais e de importación.
- Nota: dependendo do tipo de instrumento tamén se utilizan outros tipos de recursos ao marxe do específico de traballo artesanal, tales coma pastillas, cordas, potenciómetros, pontes, golpeadores,...

4. PRODUTOS FINAIS

1. Principais tipos de produtos que realizan

- Guitarra eléctrica. Unha guitarra eléctrica é unha guitarra con un ou máis transductores electromagnéticos ("pastillas") que converten as vibracións das cordas en sinais eléctricas

capaces de ser amplificadas e procesadas.

- Guitarras clásicas. A guitarra é un instrumento musical de corda pulsada, composto dunha caixa de madeira, un mastro sobre o que vai adosado o diapasón ou trasteiro -xeralmente cun burato acústico no centro da tapa- e con seis cordas. Sobre o diapasón incrustanse os trastes -barras metálicas- que permiten as diferentes notas. O seu nome específico é guitarra clásica ou guitarra española.
- Baixos eléctricos. Instrumento musical eléctrico de catro cordas, é un híbrido entre a guitarra e o contrabaixo, tal como o explica o seu nome orixinal: guitarra baixa.

5. OBSERVACIÓNS DO OFICIO

O luthier constrúe instrumentos de corda. No caso deste artesán coméntase o proceso de elaboración de guitarras eléctricas, que se poden aplicar a instrumentos similares.

6. DIAGRAMACIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

